

Boletín CAIA 16

Marzo 2025



Súa Maxestade a Raíña, Presidenta de Honor de UNICEF España, reúne co Consello Asesor de Infancia e Adolescencia de UNICEF

A pasada semana, o noso compañeiro Juan Vázquez e o resto de compañeiros e compañeiras do Consello Asesor de UNICEF, reuníronse co padroado da entidade e coa raíña Dona Leticia.

Nesta reunión tiveron a oportunidade de presentar as conclusións do manifesto levado a cabo no pasado Encontro Estatal de Cidades Amigas da Infancia en Bilbao, así como tamén para tratar temas como a saúde mental, a situación migratoria, o cambio climático ou os retos aos que se enfrenta a infancia e adolescencia en España e no resto do mundo..

Podedes ver un vídeo resumen nesta [ligazón](#)



UNICEF presenta o Barómetro de opinión da Infancia e Adolescencia

O noso compañeiro Martín, como membro do Grupo Asesor de UNICEF participou na presentación do Barómetro de opinión da infancia e adolescencia ([aquí](#) podedes consultar o informe completo).

Neste informe recóllense opinións como que: a política está demasiado polarizada e os/as adolescentes non se achegan a ela.



Un centro pontevedrés desenvolve un proxecto educativo a través da IA

A finalidade deste proxecto nado nun centro educativo de Covelo (Pontevedra) é aprender a traballar empregando a IA como ferramenta. Un bo uso e coñecemento desta pode ser de gran axuda para desenvolver as tarefas diarias.

MEJORANDO LA PROTECCIÓN Y EL BIENESTAR EN LAS ESCUELAS

fundación sm | OES OBSERVATORIO DE LA EDUCACIÓN EN ESPAÑA | educo



Publicase un manual que deixa patente as dificultades que os docentes están a manifestar nas aulas

EDUCO e a Fundación SM presentan *Mejorando la protección y el bienestar en las escuelas* (informe completo [aquí](#)), un informe que expón a necesidade de adoptar medidas para mellorar o benestar do profesorado e alumnado. Entre as medidas propostas destaca a de formar a un bo Coordinador/a de Benestar como ferramenta de protección.



A DANA e o seu impacto na saúde mental da infancia e adolescencia

A DANA pode afectar a saúde mental da infancia, xerando medo e ansiedade. **Save the Children** recomenda crear un ambiente seguro, falar cos NNA adaptando a mensaxe á súa idade, fomentar a expresión emocional a través do xogo e a arte, limitar a exposición ás noticias e coidar tamén o benestar familiar. Se os síntomas persisten, é importante buscar axuda profesional.



O Real Decreto Lei 2/2025, introduce cambios que preocupan ás organizacións de infancia

Dende as organizacións de infancia valoran positivamente que se tomen medidas políticas para solucionar a situación de desamparo que sofren as nenas e nenos que chegan a España sen as súas familias, especialmente en territorios como Canarias, Ceuta e Melilla, pero segue preocupando que este Real Decreto Lei non sexa suficiente para garantir unha acollida digna e respectuosa cos dereitos da infancia.



Un informe da POI desvela que as axudas institucionais están sendo insuficientes para cubrir as necesidades da infancia e adolescencia

Segundo datos da Plataforma de Infancia, só o 10,5% dos fogares con nenos reciben o Complemento de Axuda para a Infancia (CAPI), a pesar de que o 54,3% podería beneficiarse deste. Esta prestación, destinada a combater a pobreza infantil, non está chegando a todas as familias que a necesitan, o que evidencia a necesidade de mellorar a súa difusión e accesibilidade.

Experiencias noutros territorios



Vogais do CNIAC participaron no Consello dos Dereitos Humanos das Nacións Unidas

O pasado 22 de febreiro, o Govern de Cataluña participou na 52ª sesión do Consello de Dereitos Humanos das Nacións Unidas en Xenebra. Durante a súa intervención, destacou o compromiso de Cataluña coa promoción e defensa dos dereitos humanos a nivel internacional.

A delegación catalá presentou as iniciativas levadas a cabo en materia de igualdade de xénero, inclusión social e loita contra a discriminación. Ademais, subliñouse a importancia da cooperación entre rexións para abordar desafíos globais en dereitos humanos.



O Foro Autonómico de Castela e León renova o seu mandato

Para celebrar a renovación do Foro de Castela e León realizan unha fin de semana de actividades cos novos vogais con diversas actividades que xiraron en torno a protección dos dereitos da infancia e adolescencia

Testemuña en primeira persoa



Bea, Vogal do CAIA e membro de "Mariscadoras de Ideas" de Moaña **coa ministra Sira Rego**

"O día 14 de marzo asistín a inauguración da nova sede do "Ministerio de Xuventude e Infancia", onde con compañeiras de UNICEF, CEPIA e Grupo EPIC constatamos as nosas inquedanzas sobre o medio ambiente.

O sábado, varios membros do Grupo Asesor tivemos unha reunión na sede de UNICEF Madrid, onde debatemos diversos temas dentro do interese superior da infancia"